Maria Carmen Merino Moina (1 para 2)
Secretaria-Interventora
Data de Sinatura: 14/02/2020
HASH: 804fa1e9fa9b1bfdf2c08c7dd314ce96

MARTA GIRALDEZ BARRAL (2 para 2)
Presidenta
Data de Sinatura: 14/02/2020
HASH: 92b94278e9c2b531e883a30362b54e0e

**MARÍA DEL CARMEN MERINO MOÍNA, SECRETARIA INTERVENTORA DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS**

**CERTIFICA**

Que a Comisión Executiva da Mancomunidade do Salnés, en sesión de data 06/02/2020, adoptou entre outros o seguinte o acordo, que di:

*"**3º.- RENUNCIA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS CONCELLOS DE CAMBADOS E VILANOVA DE AROUSA, PERTENCENTES Á MANCOMUNIDADE DO SALNÉS (PONTEVEDRA).***

*A secretaria dá lectura á ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN de 31 de xaneiro de 2020, sobre proposta de renuncia á adxudicación do contrato, que di.*

***"ANTECEDENTES:***

***I. -*** *A Xunta da Mancomunidade do Salnés, en sesión de 12 de abril de 2018, adoptou o acordo de aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, do "Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa, pertencentes á Mancomunidade do Salnés (Pontevedra)"; así como a delegación na Comisión Executiva da Mancomunidade da adxudicación do contrato, demás actos precisos para a tramitación do expediente e os relativos á interpretación, modificación, suspensión ou resolución do contrato.*

***II.-*** *No proceso de licitación presentaron propostas 4 empresas:*
*"UTE FCC MEDIO AMBIENTE,S.A / SOGESEL".*
*"ASCAM EMPRESA CONSTRUCTORA Y DE GESTIÓN, S.A"*
*"VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A."*
*"URBASER, S.A."*

***III.-*** *A Comisión Executiva da Mancomunidade do Salnés, en sesión de 18-11-2018, adoptou o acordo de aceptación das propostas da Mesa de contratación de 18 de outubro de 2018 relativas á:*
**Exclusión das propostas formuladas por: "UTE FCC MEDIO AMBIENTE,S.A/SOGESEL", e "ASCAM EMPRESA CONSTRUCTORA Y DE GESTIÓN, S.A".*
**Clasificación das propostas das outras dúas empresas, neste orde decreciente:*
*1º.- "VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A."*
*2º.- "URBASER, S.A."*
**Proposta de adxudicación a favor de "VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.".*

***IV.-*** *Se presentaron recursos ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), por parte de "FCC MEDIO AMBIENTE,S.A" contra as propostas da Mesa de Contratación de 18-10-2018, e por parte de "URBASER, S.A." contra o acordo de aceptación das propostas da Mesa de Contratación adoptado pola*

Cod. Validación: ZR5SXRALH5XSCZT4P3N6NDC64 | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

*Comisión Executiva de 18-11-2018 Ditos recursos resultaron inadmitidos polo Tribunal, ao formularse contra actuacións previas á adxudicación que non son susceptibles de recurso, en lugar do acordo de adxudicación.*

***V.-** Ata a data, o órgano de contratación non adoptou o acordo de adxudicación; polo que o contrato de "Recollida de residuos sólidos urbanos dos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa", se encontra pendente de adxudicación a día de hoxe.*

***VI.-** Ó longo de 2019 tiveron lugar diversas reunións cos representantes dos Concellos de Cambados e Vilanova de Arousa, onde se constataron diverxencias en canto ó modelo de xestión de servizo mancomunado, tales como carga lateral ou traseira ou posibilidade de modificar as ubicacións actuais dos contenedores*

***VII.-** Renovados os Concellos en virtude das Eleccións Locais do pasado 26 de maio de 2019; a constitución da Mancomunidade retrasouse debido á presentación de recursos contra o acordo de nomeamento dos representantes do Concello de Meaño, resultando finalmente constituída a Mancomunidade do Salnés con data 16 de decembro de 2019.*

***FUNDAMENTACION:***

***Primeiro.-** Considerando o tempo transcorrido dende a apertura dos sobres e valoración das propostas, sen que se houbera producido o acordo de adxudicación, habéndose sobrepasado en exceso os prazos previstos legalmente (O art 158 da LCSP establece que o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses, dende a apertura das proposicións).*

***Segundo.-** Considerando que os recursos formulados, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), polas empresas licitadoras: "FCC MEDIO AMBIENTE,S.A" e "URBASER", foron rexeitados polo Tribunal por resultar extemporáneos ao formularse contra os acordos previos á adxudicación do contrato; o que pode presupoñer que serán formulados de novo, unha vez se proceda a adoptar o acordo de adxudicación co conseguinte efecto de suspensión cautelar do acordo.*

***Terceiro.-** Considerando razón de interés público que habilita á renuncia do contrato, o resgo de deixar sen efecto a adxudicación e a propia execución do servizo, si unha impugnación formulada chegara a prosperar cos conseguintes retrasos, indemnizacións (Sentencia T.S.Justicia de Castilla y León, Valladolid, Sala Contencioso-Administrativo sección 1ª, 28-12-2004).*

***Cuarto.-** Considerando as diverxencias postas de manifesto polos Concellos de Cambados e Vilanova de Arousa sobre o modelo de xestión de servizo mancomunado; resultando patente que os modelos de xestión de ambos Concellos son diferentes.*

***Quinto.-** Considerando que o servizo mancomunado de recollida de RSU debe dar resposta á prestación satisfactoria do mesmo no ámbito de ámbolos dous Concellos afectados.*

***Sexto.-** Considerando que, afectando este contrato aos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa, dous representantes do Concello de Vilanova de Arousa non tomaron posesión na Mancomunidade, polo que a súa representación na Comisión executiva é inexistente e moi escasa na Xunta da Mancomunidade (un só representante dos tres que lle corresponden).*

***Sétimo.-** Considerando que non procede a prestación do servizo a un só Concello, por canto xa non tería senso a contratación conxunta do mesmo, coa conseguinte desaparición sobrevida da necesidade de contratar.*

Cod. Validación: ZR5SXRALH5XSCZT4P3N6NDC64 | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

***Oitavo.-*** *Considerando que o servizo de recollida e transporte de RSU nos Concellos afectados, estase prestando na actualidade en precario, mediante un procedemento urxente tramitado por mor da liquidación da anterior empresa de recollida, o que incide na necesidade de proceder á posta en funcionamento do servizo, no entendemento de que a tramitación do expediente por parte de cada Concello acortaría os prazos da súa posta en marcha.*

***Noveno.-*** *Considerando que o interés público a protexer consiste na necesidade da posta en marcha do servizo, e que existen motivos para considerar que, caso de seguer co procedemento, prodiciríanse demoras para a posta en marcha do mesmo e incluso cabería a posibilidade de que non se chegara a prestar.*

***Décimo.-*** *Considerando que constitúe unha potestade da administración a renuncia á adxudicación do contrato en base a razóns de interés público expostas, xa que que no caso de continuar con este procedemento de contratación mancomunado, éste pode verse abocado á suspensión.*

***Undécimo.-*** *Considerando que a Administración pode modificar as súas decisións iniciais si o interés xeral así o aconsella.*

***CONCLUSIÓNS:***

*Visto o punto 2 do art. 152 da LCSP, según o cal, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato poderá acordarse polo órgano de contratación, antes da formalización.*

*Visto o punto 3 do art. 152 da LCSP, que establece que só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interés público debidamente xustificadas.*

*Visto que se dan os requisitos previstos no art. 152 da LCSP para o exercicio desta potestade de resolución unilateral do procedemento; por canto ainda non se adxudicou o contrato e por canto se dan razóns do interés público a protexer perfectamente xustificadas.*

*Vista a Cláusula 6.4 do Prego de Condicións administrativas particulares do contrato: "FACULTADES DE LA MANCOMUNIDAD. La Mancomunidad, por su parte, ostentará las siguientes potestades: Interpretar el contrato y resolver las dudas que ofrezca su cumplimiento. Igualmente podrá modificar, suspender o acordar su resolución y determinar los efectos de ésta, dentro de los límites legalmente establecidos."*

*A Mesa de contratación, por unanimidade, propón ó órgano de contratación:*

*1º.- A renuncia á adxudicación do contrato, tramitado por esta Mancomunidade por procedemento aberto e tramitación ordinaria, varios criterios de adxudicación, do servizo de "Recollida de residuos sólidos urbanos dos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa, pertencentes á Mancomunidade do Salnés (Pontevedra).*

*2º.- A notificación deste acordo aos licitadores e a publicación no Diario Oficial da Unión Europea."*

*A Comisión executiva da Mancomunidade, por unanimidade, acorda:*

*1º.- Aprobar a proposta da Mesa de contratación, e en consecuencia, aprobar a renuncia á adxudicación do contrato, tramitado por esta Mancomunidade por procedemento aberto e tramitación ordinaria, varios criterios de adxudicación, do servizo de "Recollida de residuos sólidos urbanos dos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa, pertencentes á Mancomunidade do Salnés (Pontevedra).*

Cod. Validación: ZR5SXRALH5XSCZT4P3N6NDC64 | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

*2º.- A notificación deste acordo aos licitadores e a publicación no Diario Oficial da Unión Europea."*

E para que conste, de orde e co visto e prace da Presidenta, expido a seguinte certificación en Cambados, á data de sinatura electrónica.

| | |
|---|---|
| | Vº e Prace |
| A SECRETARIA, | A PRESIDENTA, |
| Mª del Carmen Merino Moína | Marta Giráldez Barral |

**(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)**

Cod. Validación: ZR5SXRALH5XSCZT4P3N6NDC64 | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4